



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

ACTA Nº 2021/6
SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN
- CASA DO CONCELLO, LUNS 6 DE SETEMBRO DE 2021 -

No día de hoxe, ás 20:00 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnen-se os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia do secretario, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Extraordinaria do Pleno da Corporación.

PRESIDE:

SANTIAGO MANUEL TOBA CAMPAÑA

ASISTEN:

JAVIER ROMAR ALVARELLOS

OLALLA BENLLOCH LEMA

MONICA VILELA VILELA

MANUEL CARAMES LOPEZ

CARLOS FERNANDEZ CONCHEIRO

SANDRA VILELA RIVEIRO

SOFIA LOPEZ SIMON

JAVIER LEMA SUAREZ

AUSENCIAS:

IRMA LUCIA GARCIA BARCIA

TANIA ROMERO GARCIA

SECRETARIA: ROSA ANA GARCIA FERNANDEZ

INTERVENTORA: MONICA IGLESIAS PREGO

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

ORDE DO DÍA

1. Aprobación da Acta da sesión anterior
- 2.-Aprobación Conta Xeral 2020
- 3.-Recoñecemento extraxudicial de Crédito 2/2021
- 4.-Modificación de crédito 23/2021 por crédito extraordinario e suplemento de crédito
- 5.-Aprobación Plan de Igualdade Municipal
- 6.-Festas Locais 2022
- 7.-Control órganos de Goberno. Rogos e preguntas

1.-Aprobación acta sesión anterior.

A acta da sesión anterior queda aprobada por unanimidade dos membros presentes.



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

2.-Aprobación Conta Xeral 2020.

A Secretaria explica que a conta xeral 2020 foi informada favorablemente pola Comisión de Contas e exposta ao público durante prazo establecido sen que se presentasen reclamacións ao respecto.

Sen producirse debate, por unanimidade dos seus membros presentes, o pleno acorda aprobar a conta xeral do exercicio 2020.

3.-Recoñecemento Extraxudicial de Crédito 2/2021

A Secretaria manifesta que todos os grupos teñen copia da proposta de Alcaldía de este punto.

Iniciar o debate a voceira do PP que anuncia a abstención do seu grupo e ao existir un informe.

Don Carlos Fernández manifesta que votará a favor “pois a xente que traballa para o Concello ten que cobrar”.

Sometido o asunto a votación, o pleno por 6 votos a favor (3 grupo municipal PSOE, Dona Mónica Vilela, Don Manuel Caramés e Don Carlos Fernández) e a abstención do grupo municipal PP (3) acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de Recoñecemento Extraxudicial de Crédito nº 2/2021 dentro do Orzamento prorrogado da Corporación para o ano 2021 por importe de 434,00 € e recoñecer as obrigas que se deriven del, co seguinte detalle:

Nº e data da factura	Provedor	Concepto	Importe
19/11/2019	Fidel Miramontes García.	Servicio de contenedor en obras sen vaciado (EDAR).	434,00 €

SEGUNDO.- Resolver as discrepancias prantexadas, deixando sen efecto a suspensión na tramitación do expediente, procedendo a levantar o reparo interposto pola intervención municipal, ós efectos procedimentais de continuación coa tramitación do expediente aprobatorio das facturas da relación indicada.

4.-Modificación de crédito 23/2021 por crédito extraordinario e suplemento de crédito



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

O Señor Alcalde explica o contido da proposta “é unha proposta máis reducida que a anterior e con asuntos necesarios para veciños e veciñas de Muxía”.

A continuación resume brevemente cada intervención e proposta: brazo rozadoira, pala, materiais de obra, obra en campo de fútbol, gardería etc.

Inicia o debate a portavoz do grupo municipal do PP, que presenta emenda ao expediente da modificación por escrito. Un exemplar é entregado a cada grupo municipal non adscritos, Intervención e Secretaria.

Expón Dona Sandra Vilela: “Quero que se saiba que un membro do meu grupo recibiu chamada para que non asistise ao pleno, co cal a oposición perdería a súa maioría. Recibimos unha chamada do Alcalde para falar do pleno e atopámonos cunha proposta pechada, feita.... Ínstanos a negociar modificacións e despois négao. - Non vamos a dilapidar os aforros dos muxiáns pois a súa proposta vai con cargo a remanente.

Como é posible que con 3,8 millóns de € de orzamento non teña cartos para gasolina?

Quere comprar unha pala e deixar o seu traballo a empresas autónomas?

Di que irá adiante a gardería e é polo que dixemos nós. Dixo que tiña o proxecto fai tempo, pedímosllo e non nolo deu. Publicou este proxecto no ESM, porque non publicou o anterior?

Poña solución ao problema da auga en Muxía que poida ser unha boa cousa para financiar co aforro dos muxiáns.

Porqué ocultou ao seu capricho que unha persoa que leva 20 anos desenvolvendo un traballo IMPOLUTO e polo que hai que indemnizar con 3000€?

Non imos a permitirlle gastar os cartos dos muxiáns”.

Intervén seguidamente Dona Mónica Vilela “O Señor Toba chámame o 26 de agosto, ás 19:30 horas para ver se me podo achegar ao Concello. Fun ao día seguinte e atopeime cunha proposta pechada. Porqué non nos chamou a todos ao mesmo tempo? O concelleiro do BNG xa foi recibido por vostede o domingo. Despois chegou a comisión informativa e loxicamente xa estaba todo pechado.

O luns chamei para saber se había proxecto do campo de fútbol e enviouseme e gústame. Pedín outro día proxecto da gardería e na comisión informativa díxome que mo enviaría, fixoo o 3 de



CONCELLO DE MUXÍA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

setembro ás 19:39 horas tendo o pleno hoxe. Negociar non é informar, é sentarse con todos nós e falar.

A subvención da Barca, non. Estamos en nivel alto e o DOGA de 25 de xuño prohibe todo iso. Hai que agardar como o ano pasado. Estamos incentivando os botellóns.

En canto ao traballador, sempre cumpriu co seu traballo e é unha vergoña que haxa que pagarlle 3000 € por unha sentenza que lle da a razón.

A pala e a rozadoira: no seu momento falaches de que a Deputación ía a darnos tractor e pala. Porqué non se lle pide a Deputación unha pala?

Intervén seguidamente Don Carlos Fernández: “Acabo de ter noticias dun tema moi grave e é o intento de convencer a un membro do pleno para que non asista. Iso é un atentado á democracia. Co meu voto non se xoga nin manipula e se vise que faltaba algún membro da oposición, íame. En canto ao fondo do asunto, non vou a votar a favor da emenda porque creo que a cidadanía non ten por que pagar a mala xestión do goberno e a súa nula capacidade de diálogo, e deixando isto a parte creo que o abastecemento debe estar asegurado. O combustible é preciso para que os coches funcionen, etc.

Falaches comigo tamén cunha proposta pechada e iso non é negociar. Fai os orzamentos.”

Volve a intervir o Señor Alcalde: “As explicacións que dades non convencen a ninguén. Son propostas prácticas as que facemos e queda clara a intención de bloqueo ao equipo de goberno.

En canto a en que se gastan os cartos, está o estado de execución que di o que se fai, é público, véxao e saberá en que se gastou”.

A este pleno estáselle privando de 2 persoas das que fai moito tempo que non sabemos nada. Unha está enferma e a outra fai un uso indebido da súa acta.

A Deputación pregúntame se fora 70000 € da pala ou 200000 para unha estrada de Leis e loxicamente prefiro o segundo... A proposta refírese a cousas precisas de primeira necesidade.”

Volve a intervir Dona Sandra Vilela: “Esquecinme de comentar o do campo de fútbol. Antes presentouse un proxecto cunha reparación da cantina que xa estaba feita e por iso se dixo que non ao proxecto. Agora



CONCELLO DE MUXÍA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

tráese cunha obra de vestiarios femininos, que foi unha proposta de Álvaro, anterior presidente, non é o mesmo proxecto.

Non fai os orzamentos porque é máis sinxelo vir aquí e dicir cando un veciño lle pregunta, que non pode facer nada por culpa da oposición. Hoxe tiñamos dúas opcións ou non aprobar nada ou loitar co resto e por iso, por responsabilidade como concelleira, para intentar solucionar o problema falamos a oposición e presentamos esta emenda. Vostede di que é unha emenda para quitar, non para poñer e é que non podemos propoñer nunha emenda todo o que queremos. Vostede cobra para xestionar o Concello e é o único responsable de todo isto.

Sometida á votación a emenda votan a favor desta os 3 integrantes do grupo municipal do PP; Dona Mónica Vilela e Don Manuel Caramés; votan en contra os 3 integrantes do grupo municipal PSOE; absténdose Don Carlos Fernández.-

Con esta votación a emenda queda aprobada;

O pleno polo tanto acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito nº 23/2021 do Orzamento da Corporación para o ano 2021 mediante suplemento de crédito e crédito extraordinario financiado con Remanente Líquido de Tesourería para gastos xerais, de acordo co seguinte detalle:

GASTOS A INCREMENTAR.

APLICACIÓN	FINALIDADE	IMPORTE	MODIFICACION
231.4803	Asistencia Social Primaria. Transferencias correntes . Subvención concurrencia sociales	500	Crédito extraordinario
341.48903	Fomento do deporte. Transferencias correntes. Subvencións concurrencia deportes	2.000	Crédito extraordinario
323.48903	Funcionamento de centro de ensinanza, preescolar e primaria. Transferencias correntes. Subvención concurrencia.	1.650	Crédito extraordinario



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

338.48903	Festas populares e festexos. Transferencias correntes. Subvencións concurrencia	2.750	Crédito extraordinario
334.48903	Promoción da cultura. Transferencias correntes. Subvencións concurrencia	4.100	Crédito extraordinario
323.62200	Funcionamento de centro de ensinanza, preescolar e primaria, Inversión nova en edificios. Obra escola infantil	112.170,25	Crédito extraordinario
342.63200	Instalacións deportivas. Mellora de servizos do campo de fútbol municipal .	27.500	Crédito extraordinario
342.633.00	Instalacións deportivas. Inversión en maquinaria, instalacións utilaxe. Inversión de proxectores.	4.340,00	Crédito extraordinario
920.22604	Administración Xeral. Gastos xurídicos. Sentenza firme	3.215,00	Crédito extraordinario
TOTAL		153.885,25	

INGRESOS.

CONCEPTO	IMPORTE	Fonte Financiación
87010	153.885,25	Remanente de tesourería para gastos xerais.

SEGUNDO.- Expoñer ao público o acordo de aprobación inicial mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia polo prazo de 15 días hábiles, durante os cales os interesados poderán presentar as reclamacións que estimen convenientes ante o Pleno. Estas reclamacións serán resoltas polo Pleno no prazo dun mes. No caso de non se presentaren reclamacións durante o período de exposición pública, considerarase definitivamente aprobado o citado expediente, entrando en vigor una vez cumprido o disposto no artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.

5.-Aprobación Plan de Igualdade Municipal



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

O Señor Alcalde advirte ao Señor Javier Lema de que colla o teléfono que repetidamente sona.

O Señor Alcalde explica brevemente o contido da proposta.

Dona Sandra Vilela anuncia o voto favorable do seu grupo e propón a celebración para actuacións previstas no P.I.

Sendo as 21:56 abandona o pleno o Señor Javier Lema que se incorpora ás 21:59, antes da votación.

Ante a dúbida ao respecto da Alcaldía, a Secretaria aclara que segundo o ROF o Señor Lema pode participar na votación que a continuación se celebrará e lémbrralle ao Señor Lema a necesidade de que os integrantes do pleno pidan permiso á Presidencia para abandonar o pleno así como para reincorporarse a el.

Don Carlos Fernández manifesta: “Espero que o determinado no P.I. se cumpra e non quede en simple papel.

Sometido o asunto a votación, por unanimidade o pleno acorda aprobar o Plan de Igualdade Municipal.-

6.-Festas locais 2022.

Sen producirse debate, por unanimidade, o pleno aproba a proposta de Alcaldía en este punto:

Luns de Pascua: 18 abril 2022

Luns da Barca: 12 de setembro 2022

7.-Control órganos de goberno. Rogos e preguntas.

Comentar as intervencións:

Dona Sandra Vilela: “Que vai a pasar co pleno ordinario? Porque toma a decisión de non facelo sen falar con ninguén? Podemos traer mocións para o ordinario e así non poderemos presentalas.

No pasado pleno con R e P abandonamos a sala antes de que nos contestara e dixo que o faría por escrito. Como non chegou a contestación volvo a preguntar:



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

- Cando está vostede no Concello? A que hora e que días?. A xente quere vir a falar con vostede e non o conseguen.
- Como está o asunto da tv en Frixe?
- Dixo que fixera modificacións ao proxecto inicial da auga de Suxo. Rogo me remita as facturas das modificacións.
- Pedinlle que me enviase copia da póliza anterior e da actual sobre o seguro que me dixo que o Concello aforrará 3000 €.
- Chegoume un rumor de que o Concello foi sancionado por ter un coche sen seguro. É certo?.
- Fixo algo sobre o problema de carga e descarga da rúa Eduardo Pondal?.
- Hai un problema de seguridade viaria no cruce de Condomiña e a pista de Vilachán a Castro. Vai a facerse algo ao respecto?.
- Trasládasenos desde a dirección do CEIP Os Muíños que hai un problema de mantemento importante, que se manda ao Concello unha relación de arranxos e non se lle responde. Tampouco empezou o conserxe. Que solución ten sobre isto?

O Señor Alcalde contesta: Non había asuntos para o pleno ordinario pero se non están conformes farémolo. Contestareilles ao resto por escrito.

Don Carlos Fernández intervén: “Respecto ao pleno ordinario deberías de informarnos da túa intención de eliminalo.

Pido que se estude a situación do cruceiro de Buiturón.

Hai un acordo do Parlamento Galego para tramitar cesións por Portos de terreos que non teñan carácter portuario, parece que hai acordo coa FEGAMP.

En canto a area de caravanas de Nemiña, debería de poñerse con este problema. Se nos cedesen esa zona poderíase facer un area de autocaravanas debidamente . Pedímosvos que vos informedes sobre todo isto.-



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

Seguidamente intervén Mónica Vilela: “Se para o 2022 non se pode facer feira mariñeira pido que se de información ao respecto. Que vaia a facer o Concello ao respecto sobre a festa da Barca?”

O Señor Alcalde responde: Tirase abaixo a partida para a Romaría da Barca e fala da festa mariñeira de 2022?. Non o entendo.

Respecto ao cruceiro de Buiturón, interesareime ao respecto.

Sobre o de Portos, teño unha reunión pendente coa directiva de Portos para tratar diversos problemas: a demanda dos pescadores, etc. Respecto a Nemiña, falei con Eimil sobre isto e sei que houbo varias propostas que por diversos motivos, foron rexeitadas.

Respecto á pregunta de Dona Mónica Vilela sobre o que o Concello fará sobre a festa da Barca, o Alcalde responde: “ A resultas deste pleno, pensareino co párroco e a comisión”.

Ás 22:30 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretaria, dou fe.

CONCELLO DE MUXÍA, venres 17 de setembro de 2021

A secretaria, Rosa Ana García Fernández

O alcalde, Santiago Manuel Toba Campaña